



**Preguntas frecuentes sobre os PREMIOS PEL 2024**

## PREMIOS PEL 2024

### Que se premia?

A sexta edición dos premios PEL, ás iniciativas transformadoras da provincia, teñen por finalidade premiar, dar visibilidade e poñer en valor aquelas iniciativas empresariais transformadoras da sociedade no seu conxunto, que impulsen cambios reais no ámbito socioeconómico e deixen a súa pegada no territorio.

### Cal é o prazo para presentar a solicitude?

O prazo de presentación das candidaturas permanecerá aberto **desde o 16 de maio ata o 18 de xuño de 2024 ás 14.00 horas.**

### Como podo presentar unha candidatura?

A presentación realizarase través da páxina web da plataforma de tramitación telemática de subvencións da Deputación Provincial da Coruña, SUBTeL: <https://sede.dacoruna.gal/subtel/>

A presentación de toda a documentación realizarase a través desta plataforma e de xeito telemático e, en todo caso, se terán por non presentadas aquelas candidaturas rexistradas en formato papel.

### A que categorías podo presentar unha candidatura?

Cada participante poderá presentar a súa candidatura unicamente a unha das tres categorías seguintes:

#### **1ª CATEGORÍA. Premio á mellor iniciativa transformadora nova**

Destinada a recoñecer a labor das pequenas e medianas empresas, microempresas e autónomos/as que iniciasen a súa actividade empresarial nas anualidades 2023 ou 2024

Nesta categoría valoraranse aspectos como a idea de negocio, o grao de innovación e a implantación de medidas de responsabilidade social empresarial e o seu impacto no territorio e na sociedade, entre outros.

## **2ª CATEGORÍA. Premio á mellor iniciativa transformadora consolidada**

Premio á mellor iniciativa transformadora consolidada Destinada a recoñecer a labor das pequenas e medianas empresas, microempresas e autónomos/as que comezasen a súa actividade empresarial durante a anualidade 2019 ou con anterioridade.

Nesta categoría valoraranse aspectos como a idea de negocio e percorrido empresarial, o grao de innovación, a dixitalización, a internacionalización e as medidas de responsabilidade social empresarial implantadas pola empresa, entre outros.

## **3ª CATEGORÍA. Premio á mellor iniciativa verde**

Destinada a recoñecer a labor das pequenas e medianas empresas, microempresas, autónomos/as, asociacións e clústers empresariais e concellos que contén con proxectos que teñan por obxectivo a transición ecolóxica e enerxética, a loita contra o cambio climático, a agricultura sustentable, a protección do medio ambiente, a preservación da biodiversidade, a economía circular e/ou o uso eficiente dos recursos.

Nesta categoría valoraranse aspectos como os proxectos desenvolvidos en prol da transición ecolóxica, o seu impacto no territorio, o seu carácter innovador e o aliñamento das actuacións desenvolvidas cos obxectivos medioambientais propostos na Axenda 2030, entre outros.

No suposto de presentación de varias candidaturas, só se terá en conta a última presentada, que deixará sen efecto e anulará todas as anteriores, sempre e cando fose presentada dentro do prazo previsto na convocatoria.

### **Existen máis categorías?**

Nesta edición contéplase unha categoría a proposta do xurado, sen postulación previa de entidades.

### **En que consiste o premio?**

Cada un dos primeiros clasificados de cada categoría recibirá un premio de 18.000 euros. Sobre estas contías realizaranse as retencións correspondentes do ordenamento tributario regulador do Imposto sobre a Renda das Persoas Físicas (IRPF) ou do Imposto de Sociedades (IS).



### Que requisitos debo cumprir para participar?

Poden participar neste premio pequenas, medianas empresas, microempresas, autónomos/as, asociacións e clústers empresariais e Concellos de menos de 20.000 habitantes da provincia da Coruña.

Se ben, os Concellos e asociacións e clústers empresariais unicamente poderán presentar a súa candidatura á 3ª categoría: mellor iniciativa verde.

### Que documentación debo presentar?

Para a participación na convocatoria en calquera das tres categorías, deberase presentar a seguinte documentación obrigatoria:

#### **Para pequenas e medianas empresas, microempresas e autónomos/as que se presenten a algunha das tres categorías:**

- Memoria de candidatura de máximo 7 páxinas (anexo dispoñible en SUBTeL)
- Certificado de situación censual actualizado, expedido pola Axencia Estatal da Administración Tributaria Certificacións das administracións tributarias correspondentes e da Tesourería da Seguridade Social nas que se acredite que a entidade está ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.
- No caso de microempresas, pequenas e medianas empresas, a escritura de constitución da entidade e as súas modificacións ou variacións posteriores no caso de que as houbera, ou calquera outro documento análogo no que figuren os estatutos, estipulacións ou contratos privados, así como a súa inscrición no rexistro público correspondente No caso de empresarios/as individuais informe da vida laboral actualizado expedido pola Tesourería Xeral da Seguridade Social onde figure a data de alta no RETA, colexio ou mutualidade correspondente
- Declaración das axudas recibidas en réxime de minimis (anexo dispoñible en SUBTeL)

#### **Para Concellos que se presenten á 3ª categoría:**

- Memoria de candidatura de máximo 7 páxinas (anexo dispoñible en SUBTeL)

#### **Para asociacións empresariais que se presenten á 3ª categoría:**

- Memoria de candidatura de máximo 7 páxinas (anexo dispoñible en SUBTeL)



-Estatutos da asociación e as súas modificacións ou variacións posteriores, no caso de que as houbera

### **Estas axudas están suxeitas ao réxime de minimis?**

Si. Os solicitantes deben ter en conta os límites establecidos na dita normativa vixente e a Deputación na fase de solicitude da axuda pedirá que os solicitantes aporten unha Declaración de minimis na que se constate que o importe total da axudas de minimis solicitadas e concedidas durante esta anualidade e nas dúas anteriores (2024,2023 e 2022), non supera os umbrais establecidos pola normativa.

### **Como se elixen as entidades gañadoras?**

Todas as candidaturas elixibles serán en primeira instancia avaliadas por unha Comisión de Avaliación integrada por persoal técnico do Plan de Emprego Local da Deputación da Coruña. Esta Comisión encargárase de analizar o perfil das candidaturas e de escoller a 10 finalistas por categoría, tendo en conta os criterios de valoración establecidos, así como os demais criterios que supoñan unha transformación socioeconómica da provincia.

Tras esta preselección, as 10 candidaturas finalistas de cada categoría serán remitidas a un Xurado de expertos, conformado por persoas expertas en diferentes campos relacionados cos ámbitos da empresa, o emprendemento e a innovación.

O Xurado reunirse co obxecto de deliberar e poñer en común as puntuacións outorgadas a cada unha das candidaturas presentadas ás tres categorías principais. A media aritmética das puntuacións establecidas por cada membro do xurado constituirá a puntuación final da candidatura. Unha vez valorada a totalidade de candidaturas establecerase unha prelación entre elas. No caso de que varias candidaturas obtiveran a mesma puntuación final e que, ademais, esta fose a puntuación máis elevada da categoría, efectuarase unha votación entre as candidaturas empatadas e, se persistise o empate, decidirá o voto de calidade do Presidente. No caso excepcional de que as candidaturas non acadasen o nivel desexado, o xurado poderá acordar deixar o premio deserto.

### **Que procedemento se segue para conceder este premio?**

A concesión do premio realizarase mediante Resolución da Presidencia a proposta motivada do xurado.

A Resolución de concesión será publicada no Boletín Oficial da Provincia, co que se entenderá notificada aos interesados, de acordo co establecido no artigo 45 da Lei 39/2015, do procedemento administrativo común das administracións públicas. O premio considerarase aceptado tras a aceptación da notificación da resolución de concesión.



No suposto excepcional de que as empresas gañadoras renunciaran ao premio, a candidatura que se atopa na seguinte posición pasaría a ocupar o seu lugar e así sucesivamente, no caso de acontecerse múltiples renuncias sucesivas.

### Como será a entrega dos premios?

As entidades gañadoras daranse a coñecer nun acto de entrega de galardóns organizado pola entidade provincial no que poderán ser reproducidos publicamente os vídeos presentados por estas e no que todas as persoas promotoras das iniciativas candidatas terán ocasión de realizar *networking*.